

# INFORMACIÓN PARA A COBERTURA CORRECTA DA DECLARACIÓN CENSUAL EN AVICULTURA

24/10/2022

As declaracións censuais realizadas polas persoas titulares das explotacións avícolas poden ser de dous tipos:

1- **DECLARACIÓN CENSUAL ANUAL OBRIGATORIA A REALIZAR ANTES DO 1 DE MARZO DE CADA ANO**, que deberase realizar cos criterios de declaración que se detallan a continuación.

Esta declaración censual anual non é obrigatoria para:

- Explotacións gandeiras de tratantes ou operadores comerciais de aves e centros de concentración (mercados) de aves
- Explotacións avícolas de autoconsumo
- Matadoiros de aves

2- **DECLARACIÓN CENSUAL POR CALQUERA OUTRO MOTIVO** distinto á declaración censual anual obrigatoria: neste caso a persoa titular de calquera explotación avícola declarará o número de aves (ou ovos incubables no caso das incubadoras) presentes na explotación na data concreta da declaración.

## DECLARACIÓN CENSUAL ANUAL

Os criterios establecidos no Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas (BOE núm. 179, do 28 de xullo), para **realizar correctamente a declaración censual anual** son:

- Para as explotacións de **selección, multiplicación e produción para posta (poñedoras adultas de ovos de consumo)**: o censo de aves presente na explotación a 31 decembro do ano anterior ao da comunicación do devandito censo.
- Para o **resto de explotacións de produción** (agás poñedoras adultas de ovos de consumo) e as **explotacións de recría**, tanto recría de futuras reprodutoras (recría de aves de cría), como recría de futuras poñedoras de ovos de consumo ou de aves de cebo (aves de explotación): o número de animais que se corresponda coa última entrada de aves efectuada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior ao da comunicación do devandito censo.



- Para as **incubadoras**: o número de ovos incubados ao ano.
- Para **outras producións (distintas das liñas de carne, ovos ou foie)**: o número de aves a 31 de decembro do ano anterior.

Ademais, para **explotacións avícolas sen finalidade produtiva** (tenza de aves con finalidade lúdica, recreativa ou similar): anotarase o número de aves a 31 de decembro do ano anterior (Total de animais).

Outra información de interese:

- No caso de que nunha mesma explotación exista **máis dunha especie** de aves, débese cubrir **unha declaración censual por cada unha delas**.
- No caso de que nunha mesma explotación se utilicen **sistemas de cría diferentes** (gaiola, campeiro, ecolóxico...), débese cubrir o dato do **censo declarado para cada un dos devanditos sistemas**.
- No caso de **ratites (avestruces)**: cubrirase un único dato de censo aínda que na explotación se realicen varias actividades produtivas (produción de carne, etc) e indicarse o censo de aves a 31 de decembro do ano anterior no caso da declaración anual obrigatoria ou o censo existente na data no caso de declaración por outros motivos. Se a explotación non ten finalidade produtiva (mantemento das aves con finalidade recreativa ou lúdica) cubrirase o censo no campo "Total de animais".
- **"Outras producións"**: cubrirase naqueles casos de cría de aves con finalidades produtivas e que sexan distintas aos sectores da produción de carne, ovos ou foie, e indicarse o censo de aves a 31 de decembro do ano anterior no caso da declaración anual obrigatoria ou o censo existente no caso de declaración por outros motivos.
- No caso de explotacións dedicadas á **produción de ovos de consumo de especies distintas ás galiñas** débese anotar o censo no campo **"Produción de ovos"**.
- O tipo **"Total de animais"** só se utilizará para explotacións que non sexan de tipo produtivo, é dicir, cando se manteñan aves con finalidade recreativa, lúdica ou usos similares.

---

Dada a complexidade da produción avícola, derivada da existencia de varias especies de aves e distintas orientacións zootécnicas e sistemas de cría, engádesse a continuación unha **TÁBOA DE CORRESPONDENCIAS** entre as denominacións dos distintos tipos de granxas nos formularios de declaración censual e a descrición de cada un deles.



Nome en declaración censual	Descrición da actividade
<b>PRODUCCIÓN CARNE</b>	
Produción carne	No caso de polos, é a granxa de broiler intensivo industrial clásico en naves interiores con destino directo a matadoiro. Igualmente no caso de pavos ou outras especies avícolas de produción de carne con destino directo a matadoiro e que non teñan autorizada un tipo de produción e etiquetado de carne segundo os 5 tipos seguintes.
Produción carne extensivo en interior	Granxa de polo, pavo, parrulo, oca ou pintada de carne en naves interiores a densidades inferiores ao tipo intensivo clásico anterior, con destino directo a matadoiro e autorizada para a produción e etiquetado da carne como "Extensivo en interior".
Produción carne campeiro	Granxa de polo, pavo, parrulo, oca ou pintada de carne con destino directo a matadoiro e autorizada para a produción e etiquetado da carne como "Campeiro".
Produción carne campeiro tradicional	Granxa de polo, pavo, parrulo, oca ou pintada de carne con destino directo a matadoiro e autorizada para a produción e etiquetado da carne como "Campeiro tradicional".
Produción carne campeiro en total liberdade	Granxa de polo, pavo, parrulo, oca ou pintada de carne con destino directo a matadoiro e autorizada para produción e etiquetado da carne como "Campeiro en total liberdade".
Produción carne ecolóxica	Granxa de aves de calquera especie para produción de carne con destino directo a matadoiro e autorizada para a produción e etiquetado ecolóxico (CRAEGA).
<b>PRODUCCIÓN OVOS</b>	
Produción ovos en gaiola	Granxa de galiñas poñedoras adultas de ovos de consumo en gaiola.
Produción ovos en chan	Granxa de galiñas poñedoras adultas de ovos de consumo autorizada para etiquetado de "Ovos en chan".
Produción ovos campeira	Granxa de galiñas poñedoras adultas de ovos de consumo autorizada para etiquetado de "Ovos campeiros".
Produción ovos ecolóxica	Granxa de galiñas poñedoras adultas de ovos de consumo autorizada para a produción e etiquetado ecolóxico (CRAEGA).
Produción ovos (especies non galiña)	Granxa de aves adultas de posta de ovos de consumo de especies distintas ás galiñas, independentemente do sistema de cría (gaiola, en chan, etc).
<b>RECRÍAS</b>	
Recría reprodutoras carne (aves cría)	Granxa de recría de futuras reprodutoras de liña de carne.
Recría reprodutoras ovos (aves cría)	Granxa de recría de futuras reprodutoras de liña de ovos.
Recría carne (aves de explotación)	Granxa de recría de polos, pavos ou outras especies de produción de carne con destino a outra explotación para finalizar o engorde.
Recría poñedoras (aves de explotación)	Granxa de recría de poliñas futuras poñedoras de ovos de consumo de calquera especie.
<b>REPRODUTORAS ADULTAS</b>	
Selección para carne	Granxa de reprodutoras de selección adultas de liña carne.
Selección para ovos	Granxa de reprodutoras de selección adultas de liña ovos.
Multiplificación para carne	Granxa de reprodutoras de multiplificación adultas de liña carne.
Multiplificación para ovos	Granxa de reprodutoras de multiplificación adultas de liña ovos.
<b>ESPECIES CINEXÉTICAS</b>	
Produción caza para repoboación	Granxa de perdices, faisáns, paspallás, etc adultas con destino directo a solta ou repoboación cinexética.
Selección caza para repoboación	Granxa de reprodutoras de selección adultas de especies cinexéticas.
Multiplificación caza para repoboación	Granxa de reprodutoras de multiplificación adultas de especies cinexéticas.
Recría reprodutoras caza para repoboación (aves de cría)	Granxa de recría de perdices, faisáns, paspallás, etc, futuras reprodutoras, destinadas a granxas de selección ou multiplificación destas especies.



<b>Recría produción caza para repoboación (aves de explotación)</b>	Granxa de recría de perdices, faisáns, paspallás, etc destinadas a granxas de produción destas especies para posterior solta ou repoboación cinexética
<b><i>OUTRAS</i></b>	
<b>Incubadora</b>	Incubación de ovos de calquera especie.
<b>Cebo de palmípedas graxas</b>	Granxa de parrulos, ocas ou gansos para produción de foie.
<b>Outras producións</b>	Granxa de calquera especie avícola orientadas a sectores distintos da carne, ovos ou foie.
<b>Total de animais</b>	Cubrirase este punto no caso de granxas de calquera especie que non se correspondan cos puntos anteriores así como en explotacións de aves de calquera especie que non críen aves con finalidade de produción.